



## NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento que a Sra. Alcaldesa-Presidenta, o día 27 de decembro de 2016, dictou o seguinte:

### “DECRETO

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

**PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI**, a celebra-lo vindeiro **DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2016, VENRES**, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as **DOCE HORAS (12,00 horas)** en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

**SEGUNDO.-** Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónase a súa disposición o expediente da sesión e cúmplanse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.

A sesión celebrarase co arreglo ó seguinte:

### ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio de 2017.
- 2.- Aprobación de asistencias a órganos colegiados.

Forcarei, 27 de decembro de 2016.  
A SECRETARIA

Asdo: M<sup>a</sup> Elena Suero Fernández



**SRES. CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO  
CONCELLO DE FORCAREI**